

Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas pola que se aproba o expediente de información pública do anteproxecto das “Instalacións de subministración e servizos entre os puntos quilométricos (pp.qq.) 80+250 e 80+ 750, marxe esquerda (ME) - Área de servizo”, de clave OU/18/220.01.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Mediante a Resolución da Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas do 22 de novembro de 2019 aprobouse provisionalmente o anteproxecto das “Instalacións de subministración e servizos entre os puntos quilométricos 80+250 e 80+750 da AG-53 (ME) - Área de servizo”, de clave OU/18/220.01.

Segundo. O obxecto do presente anteproxecto é definir e valorar as instalacións e obras necesarias para a construción dun área de servizo na marxe esquerda da Autovía AG-53, entre os pp.qq 80+250 e 80+750, que prestará servizo a ambos sentidos de circulación, polo que os accesos á mesma produciranse dende ambas marxes, no termo municipal de Maside (provincia de Ourense). Esta área de servizo estará constituída por unha edificación para as zonas comerciais e un exterior con dispensadores de combustible, puntos de recarga de vehículos eléctricos e equipo de subministro de aire e auga. No documento realízase tamén un estudo do réxime de utilización e explotación das instalacións da área de servizo, para establecer as condicións económicas e financeiras nas que se realizará a concesión da construción e explotación.

Terceiro. No Diario Oficial de Galicia núm.29, do 12 de febreiro de 2020, publicouse o Anuncio do 31 de xaneiro de 2020 polo que se somete ao trámite de información pública o anteproxecto das “Instalacións de subministración e servizos entre os puntos quilométricos 80+250 e 80+750 da AG-53 (ME) - Área de servizo”, de clave OU/18/220.01.

Cuarto. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes e no trámite de información pública non se formularon alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de



competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (DOG n.º 179, do 20 de setembro).

Segundo.- De acordo co artigo 248 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, o anteproxecto someteuse ao procedemento de información pública durante un período dun mes, contado a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia, para que se puidesen formular cantas observacións se considerasen oportunas sobre a localización e as características da obra, así como calquera outra circunstancia referente á súa declaración de utilidade pública.

Terceiro.- Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, de acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado anteproxecto someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

De acordo con todo o exposto, e tralos informes e certificados presentados,

RESOLVO

Aprobar o expediente de información pública do anteproxecto das "Instalacións de subministración e servizos entre os puntos quilométricos 80+250 e 80+750 da AG-53 (ME) - Área de servizo", de clave OU/18/220.01, mantendo o trazado proposto como definitivo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

Por delegación, Orde do 07/09/2017, Diario Oficial de Galicia 20/09/2017

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias



Xacobeo 2021

